


Prezadas familias:

Ademais do material que vos engadimos á web do centro o venres, para que os nenos e nenas repasen contidos dados na aula, o equipo de educación infantil considera moi importante que sigan mantendo unhas rutinas e realizando diferentes actividades; por iso vos damos unha serie de ideas:

- **Rutinas:** é importante que o alumnado siga mantendo unhas rutinas para que cando voltemos ao colexio todo sexa máis sinxelo e non notemos tanto o cambio.

Podedes facer un calendario diario de rutinas como os seguintes:



Estes días podedes aproveitar para traballar a autonomía e que participen en tarefas como: aprender a facer a cama, axudar a facer a comida, limpar, dobrar roupa,...

A continuación engadimos unha táboa de cousiñas que poden facer segundo a idade:

Tabla Montessori tareas domesticas					
2-3 años	4-5 años	6-7 años	8-9 años	10-11 años	12+ años
Comer solo.	Vestirse sin ayuda.	Hacer su cama.	Bañarse si ayuda.	Limpiar su habitación.	Sacar la basura.
Ordenar sus Juguetes.	Doblar sus ropa.	Organizar su escritorio.	Ayudar en la cocina.	Ayudar con los hermanos pequeños.	Hacer pequeñas compras.
Regar las plantas.	Asearse solo.	Preparar la mochila del cole.	Retirar la mesa.	Sacar a pasear a la mascota.	Coser botones.
Llevar la ropa sucia al canasto.	Ayudar a poner la mesa.	Colocar su ropa en el armario.	Preparar platos sencillos.	Fregar el suelo.	Cocinar platos elaborados.
Recoger sus cubiertos.	Ocuparse de la mascota.	Preparar su merienda.	Llenar el lavaplatos.	Limpiar cuarto de baño.	Imágenes Educativas.com

Unha das rutinas que podeses incluír de forma lúdica sería



- **Ler contos:** poden escribir o título do conto, facer un debuxo sobre o mesmo, escenifícalo, traballar diferentes conceptos: arriba/abaixo, dentro/fóra,..., contar elementos, as cores, identificar personaxes,...

Para explicarlles algo sobre esta nova situación podeses atopar este conto na rede: Rosa Contra el Virus. Cuento para explicar a los niños y niñas el Coronavirus y otros posibles virus.

Hai canles en youtube como as de OQO ou Kalandraka que teñen contos en galego moi chulos.

- **Lectoescritura:** identificar letras en contos, revistas, paquetes de alimentos, etc. escribir a lista dos produtos básicos que precisamos mercar estes días(5anos),...
- **Lóxico-matemáticas:** contar obxectos (xoguetes, alimentos, obxectos cotiás,...), realizar sumas con animais, pinturas, alimentos,... aprender o número de teléfono da casa, de familiares,...
- **Outros contidos:** o nome propio e apelidos, así como o nome de mamá e papá (3anos), o enderezo e número da casa (4 e 5 anos).
- **Psicomotricidade:** yoga con niños na rede podedes atopar videos faciliños para facer cos menos na casa, a canle Cosmics kids ten videos moi interesantes baseados en historias infantis (o incovinte son en inglés, aínda que se son moi intuitivos) tamén podedes ver videos de Brenda yoga, yogic,... Tamén podedes facer cos rapaces zumba poñendo no buscador de Youtube zumba kids tedes infinidade de coreografías para facer, tamén podedes xogar con eles a que lle quita a cola o burro (consiste en facer cunha folla de xornal un churriño e amarralo na parte de atrás do pantalón, cada participante ten o seu rabiño, e tedes que intentar quitar o rabo o contrincante), xogos con globos.

Para o desenvolvemento da Psicomotricidade fina, pódense realizar manualidades e calquera actividade que implique a estimulación das mans e os dedos, como pode ser:

Facer bolitas con papel de seda e despois pegalas en cartolinas formando debuxos, facer calendarios, carteis,....

Pintar e colorear con témperas, usando pinceis ou as propias mans.

Facer figuras con plastilina ou arxila

Escribir cartas ou contos

Facer marionetas con calcetíns e xogar con eles

Recortar bonecos con tesoiras ou punzóns

Masaxear ou facer cóxegas nas mans e dedos

Para o desenvolvemento da Psicomotricidade grosa aconséllanse dinámicas, xogos e/ou actividades que se poden facer en casa. Hai que ter en conta que o neno ou a nena debe ter un espazo onde desenvolverse e sempre ir aos poucos, de forma segura para evitar que se faga dano ou se frustre innecesariamente.

Podemos empezar con actividades onde se poña en xogo a coordinación das mans, despois a dos pés, a continuación da cabeza e o tronco. Por último, sería unha combinación de todas:

Para a coordinación de mans pódese utilizar unha ou varias pelotas, que se poderán botar, encestar, facer malabares, tamén se pode lanzar a outras persoas ou para derrubar diferentes obxectos, como no caso dos birlos.

Para traballar cos pés, pódese saltar, andar con puntillas ou co talón, subir e baixar escaleiras, dar patadas a un balón, etc.

No caso da cabeza e o tronco pódese dar toques cunha pelota ou facer exercicios rotarios do pescozo

- **Xogos:** dominó, crebacabezas-puzzles, construcións, vexo-vexo,...
- **Adiviñas e cancións populares:** temos moitas cancións en galego versionadas por bandas como Uxía Lambona e a banda molona, e tamén temos música en galego de Paco Nogueiras, Sonárbore,... (investigade na rede).

Podedes buscar cancións en inglés, uns exemplos:

<https://www.youtube.com/watch?v=l4WNRvVjiTw>

<https://www.youtube.com/watch?v=eBVqcTEC3zQ>

https://www.youtube.com/watch?v=kz_EQSfFx0g

<https://www.youtube.com/watch?v=zMdg9jSaNLg>

<https://www.youtube.com/watch?v=tVlcKp3bWH8>

- **Plástica:** traballar con plastilina (podedes facer números, letras, animais, formas xeométricas,...), colorear, manualidades sinxelas, recortar,...

*Vimos pola rede unha idea dunha compañeira a cal nos gustaría compartir con vós. Consiste en traballar a relevancia das diferentes profesións que están a resultar fundamentais en este momento que estamos atravesando.

A actividade en si, consiste en reflexionar cos nenos e nenas sobre esas profesións que consideremos e realizar un debuxo das mesmas, logo cando poidamos volver ó cole realizaremos un mural con eses debuxos.

- **TV e APPS:** nese momentinho no que lles deixedes ver a tele podedes poñer debuxos en galego para traballar a nosa lingua, ver contidos educativos en EduClan 3 a 5 anos, unha ferramenta educativa creada estes días e tamén podedes descargar algunha APP de xogos educativos como Tinytap.

- **Experimentos :**

Ovo saltarín. Só necesitas tres elementos para facer ciencia cun ovo e que os nenos queden sorprendidos. Toma un tarro de cristal con tapa, introduce un ovo e rechea $\frac{2}{3}$ do frasco con vinagre de viño branco. Tapa e espera 48 horas. Pasado este tempo o ovo adquiriría unha tonalidade alaranxada e xa non romperá. Isto sucede porque a casca de ovo está composta de carbonato de calcio que se dissolve no vinagre. No seu lugar créase unha capa grosa e resistente.

Cores bailarinas. Deixa que os teus fillos cren verdadeiras obras de arte nun prato. Para facer este experimento de ciencia para preescolares necesitas un recipiente (mellor unha bandexa ou un prato grande fondo), un pouco de leite, colorante alimenticio, xabón para os pratos e uns bastoncillos. Verte un pouco de leite no prato e pon diferentes pingas de colorante. Axúdache co bastoncillo para poñer algunhas pingas de xabón para lavalouzas. Coa acción do xabón as cores parecerán que bailan compoñendo divertidas formas sen chegar a facerse unha masa. Este experimento é posible dado que o xabón é un repelente das graxas que fai divertidas figuras e promove a separación de cores.

Pero o fundamental é que aproveitedes o tempo en familia, que os nenos e nenas fagan cousas e lles deixedes o seu tempo para poder realizalas. É importante que xoguen e descansen, pero o máis importante é que gocen da vosa compañía.

Bolboreta eléctrica. Por exemplo, podedes crear unha bolboreta con papel seda e pegala sobre un cartón deixando as ás libres. Primeiro feixe que os nenos pasen un globo inchado pola figura, verán que non reacciona. Pero se ese mesmo globo fregámolo contra algunha peza os nenos apreciarán sorprendidos como as ás da bolboreta móvense soas ata abrazar o globo. Unha vez que o globo estea cargado podes tamén achegalo ao xeito dos nenos para que vexan como reacciona.

Facer plastilina caseira sen cocción nin auga quente: Ingredientes

3 cuncas de fariña (tamén vale como medida un vaso de iogur)

1 cunca sal fina(canto máis fina, mellor)

1 cunca de auga

2-5 culleradas de aceite, soese empregar de xirasol pero vale calquera (empeza engadindo por dúas culleradas)

colorante alimentario (opcional)

Elaboración

Pon todo xunto nun molde e mestura ben.

Listo!

A xogar!

Se crees que a textura é demasiado dura, engade un pouco de aceite. Non te preocupes demasiado por que en calquera momento podes engadir máis. Ao día seguinte a masa adoita estar mais maleable.

Opcionalmente podes dividir en anacos e poñerlles colorante. Mestura o suficiente para que o colorante deixe de manchar e listo. Segundo xogades, a masa irá collendo a cor.

As primeiras veces que xogas non teredes nada de material, nin vos fará falta se é un bebé. Con amasar xa estará suficientemente entretido.

Co tempo necesitarán material auxiliar. Recomendóche que antes de comprar nada busques en casa a ver o que tes que xa che pode servir como culleres, cortapastas, tubos ou anacos de madeira que sirvan como rodete, tapóns de varios tamaños...

Tamén podedes esconder mensaxes pola casa coma unha búsqueda do tesouro, facer unha guerra de almofadas, redecorar a habitación, inventar unha coreografía dun baile, facer un desfile de disfrace, facer avións de papel, xogar a personaxes de conto, facer un collage, plantar unha lentella, facer un picnic no salón, guerra de cóxegas, facer un karaoke, escribir unha carta e disfrutar dun tempo de calidade xuntos.

Sabemos que sempre recomoendamos non facer un uso excesivo das pantallas, pero neste caso son una ferramenta necesaria para poder sobre levar a situación
Un saúdo

O equipo de Educación Infantil